



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



galicia

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
EDUCACIÓN INFANTIL**

CEIP COUTADA BEADE

**Curso escolar
2019-2020**

ÍNDICE

1. Xustificación.....	2
2. Criterios de Avaliación e Competencias.....	3
3. Avaliación e Cualificación.....	9
4. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre.....	11
5. Información e Publicidade.....	17

1. XUSTIFICACIÓN

Co presente documento, os mestres e mestras da etapa de educación infantil do CEIP Coutada Beade deixamos por escrito as modificación levadas a cabo na nosa programación anual de ciclo polas circunstancias acontecidas polo Covid19.

**2. RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN MODIFICADOS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE EN FUNCIÓN DE CADA
AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

4º Educación Infantil.

Criterios de Avaliación e Competencias para o 3º Trimestre	
Criterios de avaliación	Competencia principal que engloba
Amosa unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Recoñece e representa a grafía do seu nome.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Comeza a recoñecer e identificar o corpo.	Competencia en Aprender a Aprender.
Coordina e controla o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adáptao ás características de obxectos sinxelos así como á vida cotiá.	Competencia Física e Motriz.
Manifesta os propios sentimentos, vivencias, emocións.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá acordes a súa idade.	Autonomía e Iniciativa Persoal.
Comeza a recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar.	Autonomía e Iniciativa Persoal.

Emprega os números para identificar e contar.	Competencia Matemática.
Recoñece algúns aspectos xeométricos básicos: rectángulos, cadrados, triángulos e círculos.	Competencia Matemática.
Identifica cantidade e grafo dos 3 primeiros números. Realizar os seus grafos.	Competencia Matemática.
Utiliza a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Exprésase a partir de diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	Competencia Cultural e Artística. Tratamento da Información e Competencia Dixital.

5º Educación Infantil.

Criterios de Avaliación e Competencias para o 3º Trimestre	
Criterio de avaliación	Competencia que engloba
Amosa unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Recoñece, identifica e comeza a representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	Competencia en Aprender a Aprender.
Coordina e controla o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adáptao ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	Competencia Física e Motriz.
Manifesta os propios sentimentos, vivencias, emocións e comeza a comprender os das demais persoas.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.	Autonomía e Iniciativa Persoal.
Comeza a manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Autonomía e Iniciativa Persoal.
Emprega os números para identificar, contar e clasificar.	Competencia Matemática.
Recoñece algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos e círculos.	Competencia Matemática.

Identifica cantidade e grafo dos 6 primeiros números. Realizar os seus grafos.	Competencia Matemática.
Utiliza a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Exprésase e comunícase utilizando medios e materiais das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	Competencia Cultural e Artística. Tratamento da Información e Competencia Dixital.

6º Educación Infantil

Criterios de Avaliación e Competencias para o 3º Trimestre	
Criterios de Avaliación	Competencia que engloba
Amosa unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Recoñece, identifica e representa o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	Competencia en Aprender a Aprender.
Coordina e controla o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adáptao ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	Competencia Física e Motriz.
Identifica e manifesta os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.	Autonomía e Iniciativa Persoal.
Manifesta hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Autonomía e Iniciativa Persoal.
Emprega os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	Competencia Matemática.
Recoñece algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.	Competencia Matemática.

Identifica cantidade e grafo dos 10 primeiros números. Realizar os seus grafos.	Competencia Matemática.
Utiliza a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Exprésase e comunícase utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	Competencia Cultural e Artística. Tratamento da Información e Competencia Dixital.
Ten unha actitude active ante a lectura.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Fai cálculos mentais sinxelos.	Competencia Matemática.
Asocia producións escritas con significados.	Competencia en Comunicación Lingüística.
Atópase na etapa silábica con correspondencia sonora na aprendizaxe da lingua escrita.	Competencia en Comunicación Lingüística.

3. MODIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Avaliación e Cualificación

Avaliación

Procedementos de avaliación:

Segundo o disposto no Artigo 8 do noso Decreto Curricular, a avaliación en educación infantil será **global, continua e formativa**: global porque ten como referente ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais; continua porque proporciónanos de xeito permanente información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado e formativa porque aporta información que permitirá mellorar os procesos e resultados da intervención educativa.

Na etapa de educación infantil lévanse a cabo tres momentos de avaliación: a **avaliación inicial, a avaliación continua e a avaliación final**. Deste modo, para o **terceiro trimestre**, seguiremos cunha avaliación continua que nos permita coñecer os progresos e dificultades que vaian tendo o noso alumnado a partir do seguimento e realización das actividades encomendadas nas actuais canles educativas online. Por outra banda, todo o traballo levado a cabo nos dous primeiros trimestres, sumado a nova situación do terceiro trimestre, servirán para realizar a avaliación final a partir de avaliar o progreso das capacidades do noso alumnado en tódolos ámbitos do proceso de ensinanza-aprendizaxe ao longo do curso escolar 2019-2020.

Instrumentos de avaliación:

Para este terceiro trimestre, os instrumentos de avaliación que imos utilizar para valorar a consecución do desenvolvemento integral e harmónico do noso alumnado son os seguintes:

	<ul style="list-style-type: none"> • As produccións dos nenos e nenas a partir da valoración do traballo realizado durante o terceiro trimestre. • Entrevistas coas familias coa finalidade de recadar o máximo de información dos progresos dos seus fillos e fillas a partir da realización das tarefas encomendadas polo profesorado do centro. • Instrumentos de avaliación para avaliar o ensino realizado polos mestres como son: os cuestionarios tanto para o alumnado como para as familias, as nosas reflexións persoais acerca do noso traballo así como o contraste de experiencias cos compañeiros e compañeiras docentes.
Cualificación final	<p>Todo o traballo levado a cabo nos dous primeiros trimestres sumado ao traballo do terceiro trimestre servirán aos mestres/as para realizar a avaliación final de cada alumno/a a partir de avaliar o progreso das capacidades do noso alumnado en tódolos ámbitos do proceso de ensinanza-aprendizaxe durante todo o curso, así como a consecución dos obxectivos xerais marcados para cada curso da etapa de educación infantil.</p> <p>Resaltar que en todo momento, os mestres/as de infantil do noso centro, temos en conta a situación extraordinaria que cada familia tivo que vivir á hora de levar a cabo a valoración global de cada alumno/a.</p>

4. METODOLOXÍA

Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre

Actividades

Os obxectivos e contidos recollidos para este terceiro trimestre concretámoslos a través das **actividades** propostas, as cales son o medio polo cal ten lugar o proceso de ensino-aprendizaxe. Consecuentemente, planificáronse actividades motivadoras e significativas para os nenos e nenas, que van do particular ó xeral, que favorecen a interacción entre o alumnado e o adulto e que atendan ós tres ámbitos da experiencia que establece o noso Decreto Curricular.

Así, para a realización das tarefas deste **terceiro trimestre**, planificáronse as actividades atendendo a criterios como son: o momento de realización, os posibles agrupamentos nesta nova modalidade educativa online e as necesidades individuais de cada alumno/a.

Nesta liña, as actividades que se levaron a cabo en función destes criterios foron:

1. Actividades segundo o momento da realización:

Momento de Realización	Exemplos de Actividades
Actividades Iniciais:	Cartas, narración de contos online, cancións, actividades motivacionais, espazos virtuais de interese...
Actividades de Desenvolvemento:	Lectoescritura, lóxica matemática, proxectos, actividades online de diferente índole, de expresión artística, de psicomotricidade, de

	atención educativa, actividades musicais, xogos para a casa ...
Actividades Finais:	De relaxación, presentación dos traballos, elaboración de materiais artísticos...

2. Actividades segundo o Agrupamento:

Debido a situación actual do terceiro trimestre, a gran maioría das actividades leváronse a cabo de xeito individual, aínda así, dende o centro mantivemos a opción de levar a cabo diferentes actividades dentro das seguintes modalidades:

Actividades Individuais:	Xa sexan manipulativas, xogos interactivos cos familiares, actividades de lecto-escritura, lóxica matemática, musicais psicomotricidade, xogo lúdico...
Actividades de Gran Grupo:	Por exemplo cando realizamos as videoconferencias co alumnado nas que participan coma se fose unha pequena asemblea. Deste modo podemos salientar actividades de contar impresións grupais dende as súas casas, manifestar sentimentos...

3. Actividades segundo as necesidades individuais:

Cada alumno/a de por si ten as súas particularidades e agora máis enfatizadas polas circunstancias actuais de confinamento de xeito que, dende a escola, planificaremos os seguintes tipos de actividades para dar cabida a toda a diversidade do noso alumnado:

Actividades de Ampliación:	Lectura de contos, ampliación do material enviado, visualizado de links de interese...
Actividades de Reforzo:	De Memoria, de discriminación visual, de material impreso, de exercicios de razoamento, de conciencia...

Mencionar que tódalas actividades varían a súa temática en función do centro de interese que esteamos traballando en cada momento cada grupo. Así mesmo, cada titora elaborará actividades específicas de reforzo e ampliación para cada unidade coa fin de atender á **diversidade** do seu alumnado (aspecto aínda máis salientable nesta nova circunstancia educativa), a cal confórmana a totalidade de alumnos e alumnas da etapa de educación infantil.

Para finalizar, resaltar tamén que tódolos mestres/as da etapa de infantil da escola adaptarán a súa práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo do seu alumnado coa finalidade de atender a diversidade do xeito máis idóneo.

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>O que os nenos e nenas aprenden depende, en boa medida, de como o aprendan. De aí a importancia das orientacións metodolóxicas a seguir para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe garanta un éxito en tódolos participantes da comunidade educativa, especialmente nos cativos e cativas.</p> <p>Dende o punto de vista pedagóxico, os principios de intervención educativa que se tiveron en conta á hora de modificar a programación do terceiro trimestre e seguindo as orientacións metodolóxicas do noso decreto curricular adaptándose ao novo marco educativo online son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Principio de Individualización: supón partir do nivel de desenvolvemento do alumno ou da alumna, atendendo tanto ao seu nivel de competencia cognitiva, afectivo-motora e psicomotriz como aos coñecementos que construíu previamente. • Principio de Socialización: supón promover situacións nas que o neno ou a nena teña que interactuar coas persoas coas que convive. • Principio de Constructividade: implica intentar que as experiencias novas produzan certo conflito cognitivo nos coñecementos previos do alumnado para que eles mesmos vaian modificando os seus esquemas cognitivos. • Principio de Actividade: potenciando situacións e tempos onde os nenos e as nenas poidan desenvolver as súas capacidades de manipular, explorar, observar, experimentar, construír, etc., • Principio de Autonomía: implica contribuír ao desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender, é dicir, promover a autonomía nas aprendizaxes mediante o traballo libre e creativo. • Principio de Globalización: refírese á capacidade que permite que cada suxeito estableza a súa propia rede de relacións intelectuais e conexións entre
--	--

diferentes campos do saber.

- **Principio de Significatividade:** implica relacionar a nova información con aspectos xa existentes na estrutura cognoscitiva do suxeito.

Con respecto ao **espazo** resaltar que cambia totalmente debido a que neste terceiro trimestre o espazo de cada individuo pasa a ser as súas casas cos seus propios recursos, pero dende a escola mantivemos en todo momento un contacto coas familias para que lle aporten aos seus fillos e fillas, dentro das súas posibilidades, un espazo no que os nenos e as nenas se sintan cómodos, seguros e acollidos.

Con respecto a organización do **tempo** é igualmente importante. A distribución da xornada nestas novas situacións de confinamento será máis reducida, baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que nos permita aínda máis adecualo ás características das tarefas e axustalo ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

Salientar que o noso papel como docentes será en todo momento o de **mediadores, guías e motivadores** de todo o proceso de ensino aprendizaxe, tomando como referencia a teoría Constructivista de Bruner. As nosas expectativas serán altas con relación ás posibilidades do noso alumnado dende as súas casas e velaremos por crear un ambiente de contacto coas familias e nenos onde primen as valoracións positivas e se eviten as comparacións, dando moita importancia ós sentimentos, emocións, necesidades e preferencias dos alumnos e alumnas nestes momentos tan delicados que estamos a vivir.

Por outra banda, queremos facer fincapé da importancia da **colaboración das familias** xa que se ben familia e escola son dous ámbitos educativos distintos, plantéxanse un obxectivo común: *“a educación dos nenos e nenas e o desenvolvemento de todas as súas potencialidades”*. Polo que nestes momentos é moi importante

	<p>manter unha boa colaboración e participación coas familias para que o proceso educativo dos nenos e nenas sexa completo.</p> <p>Xa para dar por finalizada a metodoloxía destacar que en todo momento deste proceso de educación online, os mestres e mestras desta etapa temos en conta que a nosa acción docente é o resultado dunha coordinación permanente co profesorado, tanto da etapa de educación infantil como da etapa de educación primaria, para lograr un desenvolvemento do proceso educativo interciclo e que exista unha liña de traballo común que facilite o transbordo do alumnado de educación infantil que nun futuro próximo introducirase nunha nova etapa educativa.</p>
<p>Materiais e Recursos</p>	<p>Enténdese por recurso todo o que rodea a unha persoa e pode serlle útil para acadar un fin. Os recursos que empregamos na nosa programación son de tres tipos: os recursos humanos, os recursos materiais e os recursos específicos propios da unidade.</p> <p>Con respecto aos recursos humanos empregados neste trimestre son: o total do profesorado que incide nos alumnos e alumnas, os propios alumnos e alumnas e as súas familias, así como o resto do persoal da comunidade educativa. Ademais, servirémonos de materiais que engloban tanto ao equipamento, aos materiais didácticos coma os materiais curriculares.</p> <p>En canto ó equipamento empregárase todo aquel material funxible, non funxible e material reciclado que podan ter as familias nas súas casas para a realización das tarefas que se van xestionando.</p> <p>Destacar que dende a escola enviouse ás familias os materiais curriculares para traballar dende a casa no terceiro trimestre así como unha dotación de recursos tecnolóxicos ás familias que non estaban dotadas debidamente coa finalidade de</p>

	<p>que ningún neno/a quedara desmarcado da xestión educativa actual dende os fogares.</p> <p>Por outra banda, cada aula utilizará tamén materiais de tipo curricular, como son os proxectos, editoriais destinados á etapa de educación infantil, modelos de programación, criterios de avaliación e metodolóxicos, orientacións didácticas así como as guías didácticas das editoriais.</p> <p>En definitiva, procurarase que tódalas familias reciban unha modalidade educativa para os seus fillos e fillas na que poidan realizala coas mínimas dificultades e sen problemas de recursos.</p>
--	---

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información e Publicidade	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Os termos que se levaron a cabo para a comunicación coas familias do alumnado da etapa de educación infantil do noso centro durante o terceiro trimestre foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cada mestre/a desta etapa facilitou un correo persoal ás familias para as seguintes finalidades: como canle habitual de envío de traballo semanal, para a resolución de dúbidas que poidan xurdir durante o terceiro trimestre, para o asesoramento en calquera dos ámbitos educativos dos nenos e nenas así como apoio ante as adversidades e dificultades que xurdan durante todo o proceso en cada unha das familias da etapa de infantil da nosa escola. • Comunicación inmediata escola-familias a partir da aplicación Abalar para os avisos xerais tanto a nivel de aula como a nivel de centro.

	<ul style="list-style-type: none"> • Por outra banda, habilitouse unha canle de videoconferencia a través da plataforma Cisco Webex para poder estar máis conectados coas familias e así poder realizar videoconferencias grupais entre o alumnado de cada aula co fin de facilitar un pouco máis o seguimento de todo o proceso escolar así como método de contacto entre o alumnado das nosas aulas. • As mestras titoras introduciron nas titorías chamadas telefónicas como método de contacto coas familias coa finalidade de facilitar ao máximo as particularidades de cada familia. • Os diferentes mestres/as titores, así como os especialistas que inciden nesta etapa educativa, habilitaron espazos persoais de contacto coas familias a través da creación de correos electrónicos, blogs e páxinas webs para o envío de traballos e a resolución de dúbidas que poidan xurdir durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
<p style="text-align: center;">Publicidade</p>	<p>Co presente documento, a totalidade do equipo de educación infantil, deixa recollidas tódalas modificacións realizadas na programación didáctica de educación infantil 2019-2020 para o terceiro trimestre producidas pola situación do Covid19.</p> <p>A presente adaptación da programación didáctica da etapa de infantil do CEIP Coutada Beade estará publicada en todo momento na nosa páxina web:</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade/</p>